



INSTRUCCIÓN

NORMA

Orde do 6 de novembro de 2020 pola que se regulan os criterios e o procedemento de distribución de máscaras entre o alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes públicos dependentes desta consellería e en centros privados concertados no curso 2020/21 (código de procedemento ED330E). Diario Oficial de Galicia nº 230, do 13.11.2020.

ALUMNADO DESTINATARIO

Alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial:

a) Non ten que presentar solicitude:

O alumnado beneficiario da axuda de material escolar no curso 2020-2021.

b) Ten que presentar solicitude:

O alumnado que non foi beneficiario da axuda de material escolar no curso 2020-2021 que cumpra algunha das seguintes condicións:

- Que pertenza a unha familia cunha renda per cápita igual ou inferior a 6.000 €.
- Alumnado matriculado en educación especial.
- Alumnado suxeito a tutela ou garda da Xunta de Galicia.
- Alumnado cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65%.

SOLICITUDES (SÓ PARA ALUMNADO NON BENEFICIARIO DA AXUDA DE MATERIAL ESCOLAR)

- Forma de presentación da solicitude: Unicamente de forma presencial no centro educativo no que estea matriculado o/a alumno/a.
- Prazo:
 1. Para o alumnado matriculado no centro no día de publicación da orde no Diario Oficial de Galicia: 10 días hábiles a partir do seguinte á publicación no Diario Oficial de Galicia, é dicir, **do 16 ao 27 de novembro de 2020.**





2. Para o alumnado que, unha vez transcorrido o prazo indicado, pase a estar en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia, ou se incorpore a un centro docente público titularidade da consellería ou a un privado concertado procedente de fóra de Galicia ou dun centro situado en Galicia pero non sostido con fondos públicos, a solicitude de máscaras poderase presentar no mesmo prazo que a solicitude de libros e material escolar, é dicir, (1) mes contado a partir do día seguinte á formalización da matrícula.

A gravación da solicitude na aplicación fondolibros poderá realizarse conxuntamente seleccionando en obxecto da solicitude “Libros, material e máscaras” (no caso de que o/a alumno/a tamén solicite libros e material escolar).

3. As solicitudes de máscaras para o alumnado indicado no apartado anterior que se incorporen ao centro despois do 31 de marzo de 2021 (prazo límite de solicitude de libros e material), poderán tramitarse ata a finalización do curso escolar, gravando a solicitude na aplicación fondolibros, pero indicando en obxecto da solicitude: “Máscaras”

TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO

- Para a xestión empregarase a ferramenta fondolibros, que foi adaptada para este procedemento.
- Nesta aplicación xa figura admitido o alumnado beneficiario das axudas de material escolar-
- As solicitudes pasarán ao estado concedido cando o centro indique no apartado “Mascaras” - “Entrega por grupo-aula” que o alumno recibiu as máscaras.
- A aplicación no apartado “Informes”-“Máscaras” permitirá xerar listaxes actualizadas provisionais e definitivas, tanto de admitidos como de excluídos.
- As solicitudes que se presenten tramitaranse a través da aplicación conforme ao establecido na Orde do 6 de novembro de 2020, cos mesmos parámetros de renda per cápita da unidade familiar, membros computables, documentación, comprobación de datos, etc. que os do procedemento de axudas para adquisición de libros e material escolar.

ADQUISICIÓN DAS MÁSCARAS E DISTRIBUCIÓN AO ALUMNADO

- Os centros adquirirán as máscaras tendo en conta os criterios establecidos na comunicación remitida por correo electrónico no día de hoxe co asunto **Instrucións material hixiénico sanitario COVID-19**.
- A distribución ao alumnado realizarase conforme ao sistema que cada centro estableza, mantendo actualizada a información de que alumnado recibiu a máscara na aplicación fondolibros, no apartado “Máscaras” - “Entrega por grupo-aula”





CORRECCIÓN DE ERROS DA ORDE

- No anexo I da solicitude, publicado no Diario Oficial de Galicia, omitiuse o campo relativo aos datos do alumnado para o que se solicita a axuda.
- Tendo en conta o breve prazo de presentación de solicitudes, esta información pódese incluír na cabeceira da solicitude, tal e como se indica no anexo que se achega.

